



## **REGULAMENTO DE CREACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO**

### **Artigo 1.- Creación e obxecto**

O Concello de Paderne crea un rexistro de unións de feito, de carácter administrativo e voluntario, co obxecto de se inscriban as unións de feito, sen prexuízo de que estas poidan probarse doutro xeito.

### **Artigo 2.- Concepto.**

Enténdese por unión de feito aquela constituída por persoas entre as que, dado o seu trato sexual ou afectividade, convivan sen estar casadas ou sen outra relación de parentesco, sen prexuízo da súa orientación sexual.

### **Artigo 3.- Libro-rexistro.**

O rexistro materialízase nun libro, que estará formado por follas movibles, foliadas e seladas, legalizadas pola rúbrica do secretario do Concello, debéndose dilixenciar de apertura na súa primeira folla.

### **Artigo 4.- Solicitud.**

As inscricións realizaranse previa solicitude conxunta de tódolos membros da unión e a ésta achegarase a declaración de cumpri-los requisitos esixidos e, no seu caso, a documentación oportuna xunto cunha fotocopia do documento nacional de identidade.

### **Artigo 5.- Requisitos.**

Serán requisitos para a inscrición:

Ser tódolos membros da unión maiores de idade ou menores emancipados debendo, neste caso, presenta-lo documento acreditativo da emancipación.

Non ter sido declarado incapacitado, por sentenza xudicial que sexa firme.

Non incorrer nas causas de incapacidade dos artigos 46 e 47 do Código Civil.

Declaración responsable de non estar inscrito noutra unión de feito ou rexistro similar doutra Administración, non cancelada.

Estar empadroados no Concello de Paderne no mesmo domicilio, o que se determinará de oficio.

### **Artigo 6.- Inscricións.**



Unha vez acreditados os requisitos, a inscrición levarase a cabo mediante comparecencia persoal e conxunta, ante o funcionario encargado do rexistro, con declaración formal da existencia da unión de feito e expresión da súa conformidade, asinando esta.

#### **Artigo 7.- Outras inscricións**

Poderán inscribirse, na mesma folla, mediante referencia ós convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros das unións. Tamén poderán inscribirse outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión de feito. En calquera caso estas inscricións deberán facerse mediante a comparecencia conxunta de tódolos membros.

#### **Artigo 8.- Efectos.**

As inscricións no rexistro declaran os actos rexistrados, pero non afectan á súa validez non ós efectos xurídicos que lle sexan propios, que se producen a marxe deste.

#### **Artigo 9.- Modificacións.**

Calquera modificación das inscricións efectuadas ó respecto do convenio ou outros feitos ou circunstancias, esixirá á comparecencia persoal e conxunta dos membros. Calquera modificación esencial da propia inscrición da unión, levará consigo a súa disolución.

#### **Artigo 10.- Extinción ou disolución**

A extinción ou disolución da unión de feito poderá realizarse: Mediante comparecencia dos membros, pero sendo necesaria para a disolución efectiva demostrar que o feito está en coñecemento das outras partes. Instada por un só dos seus membros e demostrar este o abandono da convivencia debéndose neste caso notificar a disolución ou extinción ás outras partes. Poderá declararse de oficio, unha vez demostrado o incumprimento dalgún dos requisitos do artigo 5 e previa audiencia dos interesados.

#### **Artigo 11.- Publicidade .**

O libro-rexistro de unións de feito non terá carácter público. Poderá expedirse certificación por parte do funcionario encargado deste, contra os asentos nel recollidos a petición de calquera dos membros da unión interesada. Tamén se librarán certificacións ou informes sempre que sexa requerido pola autoridade xudicial.

#### **Artigo 12.- Tratamento.**



No ámbito competencial do Concello, as unións de feito inscritas no seu rexistro terán a mesma consideración xurídica e administrativa que as unións matrimoniais, sen prexuízo doutros xeitos de proba.

### **Artigo 13.- Réxime xurídico.**

O incumprimento das condicións para a inscrición da unión ou outros aspectos da legalidade dos feitos inscribibles permitirán ó funcionario encargado eleva-la consideración ó Alcalde, a desestimación da inscrición, a que será notificada debidamente motivada.

A declaración de oficio, e outras nas que sexa necesario a disolución ou extinción da unión de feito, corresponderá ó señor Alcalde, previo expediente incoado e impulsado polo funcionario encargado do rexistro.

Contra as desestimacións de inscricións ou declaracións de disolucións, caberán os recursos correspondentes como actos administrativos.

### **Disposicións finais.**

Primeira.- A Alcaldía, a proposta do funcionario encargado disporá o que proceda sobre o desenvolvemento do presente regulamento.

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor ós quince días da súa publicación no BOP.